

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Dos seguintes diagnósticos de enfermaría, cal se incorporou como novo na NANDA 2018–2020, dentro do Dominio 9: Afrontamento tolerancia á tensión?

- A) Risco de síndrome de tensión por traslado.
- B) Síndrome do trauma postviolación.
- C) Risco de transición migratoria complicada.
- D) Risco de síndrome post-traumática.

2. É característico da fase REM do sono:

- A) Un estado de somnolencia ou vixilia relaxada.
- B) Movementos oculares rápidos.
- C) Rixidez muscular.
- D) Todas son certas.

3. Unha persoa cun cociente intelectual de corenta e cinco, que tipo de atraso ten?:

- A) Atraso mental leve.
- B) Atraso mental moderado.
- C) Atraso mental grave.
- D) Atraso mental profundo.

4. Non é unha etapa do loito no modelo proposto por Kübler–Ross:

- A) Shock.
- B) Culpa.
- C) Depresión.
- D) Aceptación.

5. En termos estatísticos, que significa obter un erro tipo I ou alfa?:

- A) Posible erro ao aceptar a hipótese nula sendo certa.
- B) Posible erro ao rexeitar a hipótese nula sendo certa.
- C) Posible erro ao rexeitar a hipótese nula sendo falsa.
- D) Non existe este tipo de erro.

6. Cal das seguintes opcións non é unha das características contempladas habitualmente nos estudos de calidade?

- A) Eficiencia.
- B) Prezo.
- C) Accesibilidade.
- D) Equidade.

7. Cales son os compoñentes do formato de preguntas PICO para facilitar a procura de evidencias?

- A) Pacientes, indicadores, comparación e obxectivos finais.
- B) Poboación, intervención, comparación e resultados.
- C) Problema plantexado, intervención comparadora e obxectivo esperado.
- D) Ningún dos anteriores é correcto.

8. As condutas ou actos mentais repetitivos que a persoa afectada sente impulsada a realizar en resposta aos pensamentos obsesivos, denomínanse:

- A) Rituais.
- B) Manierismos.
- C) Compulsións.
- D) Obsesións.

9. O efecto das benzodiazepinas poténciase por consumir á vez:

- A) Nicotina.
- B) Bebidas alcohólicas.
- C) Cafeína.
- D) Cocaína.

10. O antídoto das benzodiazepinas é:

- A) Naloxona.
- B) Flumazenilo.
- C) Clometiazol.
- D) Tiamina.

11. Na anorexia nerviosa o signo de Russel refírese:

- A) Sequedade da pel.
- B) Letarxia.
- C) Intolerancia ao frío.
- D) Callosidades nas mans, especificamente nos cotobelos.

12. No ámbito da xestión dos servizos sanitarios, enténdese como Carteira de Servizos:

- A) O conxunto de recursos dispoñibles no momento na rede asistencial.
- B) O conxunto de servizos prestados en cada centro da rede asistencial e forma parte dun dos compoñentes do contrato programa.
- C) A calidade prestada nos diferentes servizos da rede asistencial.
- D) Os resultados económicos obtidos dos diferentes servizos da rede asistencial.

13. Respecto ao titular do dereito á información asistencial, cal destas afirmacións non é correcta?

- A) Ao paciente non será necesario informalo en caso de incapacidade, informando soamente ao seu representante legal.
- B) O titular do dereito á información é o paciente e as persoas vinculadas a el, na medida en que el o permita.
- C) Se o paciente a criterio do médico carece de capacidade para entender a información, informarase as persoas vinculadas a el.
- D) A información poderá limitarse pola existencia dun estado de necesidade terapéutica cando o coñecemento da súa propia situación poida prexudicar a súa saúde.

14. Cantos dominios e clases se inclúen na taxonomía NANDA I?

- A) 7 dominios e 35 clases.
- B) 9 dominios e 42 clases.
- C) 13 dominios e 47 clases.
- D) 15 dominios e 52 clases.

15. Tipos de investigación cuantitativa. Sinale a resposta correcta.

- A) Correlacional.
- B) Cuasiexperimental.
- C) Fenomenolóxica.
- D) A e B son correctas.

16. En relación aos aspectos éticos e médico-legais da aplicación da Terapia Electroconvulsiva (TEC), sinale a opción correcta:

- A) Na aplicación da TEC recoméndanse dous documentos de Consentimento Informado, un para a técnica e outro para a anestesia.
- B) Se un paciente competente, ben informado e libre de coaccións, rexeita o tratamento de TEC, débese respectar a súa vontade aínda que non sexa a decisión desexable.
- C) Enfermaría pode participar no proceso de información da técnica, pero non somos responsables diso. A firma do paciente é responsabilidade do psiquiatra e anestesista.
- D) Todas son correctas.

17. Sinale a resposta correcta:

- A) Segundo a OMS, España está incluída nos 28 países do mundo que contan cun Plan Nacional de prevención do suicidio.
- B) Galicia conta cun Plan de Prevención do suicidio da Consellería de Sanidade desde 2017.
- C) A OMS recomenda non establecer programas locais de prevención do suicidio.
- D) Todos os programas de prevención do suicidio deberían ter un deseño similar.

18. Cal das seguintes características clínicas da síndrome demencia-SIDA, non corresponde ao seu estadio precoz?

- A) Apatía, illamento social, disforia, perda de libido.
- B) Perda de memoria, bradipsiquia, deterioración cognitiva global.
- C) Tremor, perda de equilibrio, atraso psicomotor.
- D) Deterioración marcada da memoria e orientación temporoespacial, deterioración cognitiva global.

19. A educación para a saúde ten como obxectivo final:

- A) Modificar valores.
- B) Aumentar o nivel de formación.
- C) Cambiar actitudes.
- D) Modificar comportamentos ou condutas.

20. Dentro dos distintos tipos de estudos que xeran datos secundarios, a cal lles chamamos metaanálise?

- A) Os que analizan mediante a combinación dos datos de distintos estudos, para presentar un resultado global.
- B) Os que sintetizan os resultados de múltiples investigacións primarias en relación a unha pregunta concreta.
- C) Os que avalían e resumen publicacións primarias ou revisións.
- D) Son resumos da evidencia clínica a partir dunha pregunta.

21. A escala de coma de Glasgow consta de varios apartados fundamentais que son:

- A) Pares craniais, resposta motora, resposta sensitiva.
- B) Apertura ocular, resposta verbal, resposta motora.
- C) Resposta á dor, resposta verbal, resposta motora.
- D) Reflexos oculares, reflexos tendinosos, reflexos espiñais.

22. Prestar apoio aos cuidadores de persoas anciás é unha intervención preventiva de:

- A) Prevención terciaria da saúde mental.
- B) Rehabilitación da saúde mental.
- C) Prevención secundaria da saúde mental.
- D) Promoción da saúde mental.

23. Sinale cal non é un síntoma de desorganización na esquizofrenia.

- A) Incoherencia.
- B) Abulia.
- C) Pensamento desorganizado.
- D) Ningún é síntoma de desorganización.

24. Que autor foi o creador da Terapia Racional Emotiva Conductual (TREC)?:

- A) Beck.
- B) Ellis.
- C) Goldfried.
- D) Wolpe.

25. Na hospitalización a domicilio cabe destacar como característica, indique a resposta correcta:

- A) Necesidade de apoio psicosocial do paciente e a familia.
- B) Coidado activo do paciente inmovilizado.
- C) Coidado integral do paciente inmovilizado.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

26. Sinale a correspondencia correcta entre o Modelo de Enfermaría e a súa autora:

- A) Modelo baseado en necesidades básicas humanas: Virginia Henderson.
- B) Modelo baseado no autocoidado: Dorothea Orem.
- C) Modelo baseado na adaptación como un estado de equilibrio dinámico: Callista Roy.
- D) Todas son correctas.

27. Hildegard Peplau define catro fases na relación terapéutica enfermeira-paciente:

- A) Orientación, identificación, aproveitamento e resolución.
- B) Orientación, valoración, aproveitamento e resolución.
- C) Valoración, identificación, planificación e resolución.
- D) Valoración, identificación, aproveitamento e planificación.

28. No Delirium Tremens adoitan estar presentes os seguintes síntomas excepto:

- A) Amnesia.
- B) Axitación.
- C) Hipotermia.
- D) Insomnio.

29. A absorción dun fármaco, de que factores depende?

- A) Da vía de administración.
- B) Da solubilidade.
- C) Da capacidade para cruzar as membranas biolóxicas.
- D) Todas as respostas son correctas.

30. Sinale a opción falsa respecto á rehabilitación psicosocial:

- A) Pretende paliar os efectos da enfermidade mental no individuo.
- B) Pretende incrementar a calidade de vida.
- C) Mobiliza recursos persoais, familiares e sociais.
- D) Trata os mesmos aspectos da enfermidade que os psicofármacos.

31. No trastorno por excoriación... sinale a resposta correcta:

- A) O paciente dánase a pel de forma recorrente aínda que non chega a producirse lesións cutáneas.
- B) Non ten control para diminuír ou deixarse de rascar.
- C) Rascarse a pel causa malestar clinicamente significativo ou deterioración no social ou outras áreas de funcionamento.
- D) O dano na pel pódese atribuír para o efecto fisiolóxico dalgunha substancia como a cocaína.

32. Como se lle denomina ao ser animado ou inanimado no que o axente etiolóxico reproducese e perpetua durante un período relativamente longo nun ambiente natural?:

- A) Fonte.
- B) Reservorio.
- C) Portador.
- D) Hóspede.

33. O programa formativo actual da Especialidade de Saúde Mental establece as materias teóricas para a súa formación. Sinale a que non é correcta:

- A) Ética e lexislación de enfermería de saúde mental.
- B) Investigación en enfermería de saúde mental.
- C) Teorías e modelos de enfermería de saúde mental.
- D) Educación para a saúde mental.

34. Os pacientes cun trastorno da personalidade esquizoide presentan:

- A) Desconfianza e suspicacia excesiva e inxustificada.
- B) Desapego nas relacións sociais e indiferenza aos encomios ou ás críticas.
- C) Hipersensibilidade ao rexeitamento, a humillación ou a vergoña.
- D) Unha emocionalidade excesiva e unha conduta dirixida a chamar a atención.

35. As respostas de afrontamento poden definirse como:

- A) A valoración que realiza o individuo sobre unha situación problemática e os recursos dos que dispón para solucionarla.
- B) Os esforzos comportamentais e cognitivos para manexar as esixencias específicas internas e/ou externas que se aprecia que exceden os recursos da persoa.
- C) As respostas dirixidas a regular a resposta emocional ao problema, facendo que a persoa se sinta mellor aínda que non cambie a situación.
- D) Todas son certas.

36. Cal foi o marco xurídico que posibilitou a reforma psiquiátrica?

- A) Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, artigo 20.
- B) Informe da Comisión ministerial para a Reforma da Asistencia Psiquiátrica de 1985.
- C) Lei 13/1983, do 24 de outubro. Reforma do Código Civil en materia de tutela.
- D) As respostas a) e c) son correctas.

37. O cribado é unha proba de prevención:

- A) Terciaria.
- B) Secundaria.
- C) Primaria.
- D) Non pertence á prevención.

38. Sinala a afirmación correcta respecto ao trastorno amnésico:

- A) A memoria recente queda afectada.
- B) A memoria remota consérvase.
- C) O nivel de conciencia está alterado.
- D) Existe deterioro intelectual.

39. Segundo o modelo de desenvolvemento de habilidades transculturais de Papadopoulos, Tilky e Taylor, a que concepto se corresponde a disposición presentada cara aos individuos cunha cultura diferente á nosa, promovendo o respecto, a confianza e a aceptación?

- A) Coñecemento cultural.
- B) Conciencia cultural.
- C) Sensibilidade cultural.
- D) Competencia cultural.

40. O trastorno de control dos impulsos caracterizado polo arrancamento recorrente do cabelo que dá lugar a unha perda perceptible de pelo, denomínase:

- A) Tricotilomanía.
- B) Pilomanía.
- C) Dermatotilomanía.
- D) Cleptomanía.

41. O termo "afecto" fai referencia a:

- A) O estado de ánimo.
- B) Percepción dos sentidos.
- C) Ton emocional da persoa.
- D) O carácter que ten.

42. En relación aos principios básicos do SiNASP (Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente), sinala a resposta incorrecta:

- A) Voluntariedade.
- B) Non punibilidade.
- C) Non confidencialidade.
- D) Notificación anónima ou nominativa.

43. A Declaración Europea de Saúde Mental, OMS Europa 2005 (Declaración de Helsinki), estableceu entre as súas prioridades:

- A) Sensibilización sobre a importancia do benestar mental.
- B) Eliminación dos estigmas, a discriminación e a desigualdade das persoas con enfermidade mental.
- C) Participación dos usuarios e coidadores na planificación e desenvolvemento dos servizos de Saúde Mental.
- D) Todas son correctas.

44. A metodoloxía máis axeitada para a atención de enfermería dos usuarios que requiran asistencia en saúde mental debe contemplar primordialmente:

- A) Recollida exhaustiva de todos os datos do usuario.
- B) Realizar a recollida de datos usando elementos e útiles como test ou escalas de valoración.
- C) Lembrar que na fase de valoración se inicia a relación terapéutica.
- D) Marcar xunto co paciente, os obxectivos que se han de cumprir.

45. O programa deseñado para mellorar a continuidade asistencial, a través da realización dunha consulta telefónica por parte do enfermeiro/a de Atención Primaria aos pacientes que foron dados de alta hospitalaria, chámase:

- A) TELEA.
- B) CONECTA-72.
- C) MANSIS.
- D) SINASP.

46. Sinale a que fase do ciclo sexual corresponde o "período refractario":

- A) Desexo.
- B) Excitación.
- C) Orgasmo.
- D) Resolución.

47. En que século fundouse o primeiro hospital psiquiátrico construído na cidade de Valencia?:

- A) Século XIV.
- B) Século XV.
- C) Século XVI.
- D) Século XVII.

48. Cales son as etapas do cambio de conduta que abarca o modelo transteórico de Prochaska e Diclemente?:

- A) Precontemplación, preparación, planificación, acción, mantemento e recaída.
- B) Contemplación, preparación, planificación, acción, mantemento e recaída.
- C) Preparación, contemplación, preacción, acción e avaliación.
- D) Precontemplación, contemplación, preparación, acción, mantemento e recaída.

49. Son crenzas erróneas en relación á conduta suicida:

- A) O que se quere matar non o di.
- B) Retar ao suicida pode precipitar o intento.
- C) O suicida desexa morrer.
- D) A e C son correctas.

50. No caso de que un beneficiario rexeitase o tratamento que lle fose indicado polo seu médico:

- A) Se se trata dun tratamento de tipo cirúrxico, a negativa deberase de formalizar ante a entidade xestora da asistencia sanitaria.
- B) O rexeitamento inxustificado do tratamento supón a perda das prestacións por invalidez permanente.
- C) O beneficiario ten dereito a negarse ao tratamento sen que se lle esixa requisito algún respecto diso.
- D) Son correctas a a) e a b).

51. A Especialidade de Psiquiatría, creada polo Decreto 3193/1970, do 22 de outubro, foi suprimida na disposición adicional segunda, de que decreto?

- A) RD 450/2005, do 22 de abril.
- B) RD 183/2008, do 8 de febreiro.
- C) Decreto 81/2016 do 23 de xuño.
- D) ningún dos anteriores.

52. Sinale cal dos seguintes non é un trastorno do control dos impulsos:

- A) Cleptomanía.
- B) Clinofilia.
- C) Trastorno explosivo intermitente.
- D) Piromanía.

53. Como se lle denomina a un suceso imprevisto que causa a morte ou graves danos físicos ou psicolóxicos ou ten risco de causalos?:

- A) Incidente.
- B) Incidente con dano.
- C) Evento Centinela.
- D) Ningunha resposta é correcta.

54. A prevención terciaria ten como obxectivo principal:

- A) O diagnóstico precoz.
- B) A diminución de incidencia.
- C) A rehabilitación.
- D) Todas as respostas son correctas.

55. Que autor resalta a importancia dos esquemas cognitivos, distorsións cognitivas e pensamentos automáticos?:

- A) Beck.
- B) Ellis.
- C) Goldfried.
- D) Wolpe.

56. Cando unha enfermeira participa na identificación das necesidades de saúde e de calidade de vida da poboación, para establecer prioridades de atención por parte dos servizos da comunidade, está a realizar:

- A) Un programa de saúde.
- B) Un estudo comunitario de saúde.
- C) Unha intervención comunitaria.
- D) Unha coordinación intersectorial.

57. Cal é a medida principal para as investigacións sobre a etioloxía das enfermidades ou a valoración dos seus tratamentos?:

- A) Prevalencia.
- B) Incidencia.
- C) Risco relativo.
- D) Odds ratio.

58. Que incidentes deben notificarse no SINASP (Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente)?:

- A) Incidentes relacionados coa seguridade que non chegaron ao paciente.
- B) Incidentes sen dano.
- C) Eventos adversos.
- D) Todas as respostas son correctas.

59. Se un paciente lle fala sobre as voces que afirma estar a escoitar, cal será a resposta máis adecuada que lle dará como enfermeira?

- A) "As voces están só na súa imaxinación"
- B) "Esas voces desaparecerán a medida que os medicamentos actúe"
- C) "Non oio as voces que vostede di oír, pero entendo que lle cause malestar"
- D) "Tente pensar en cousas positivas en lugar de facelo nas voces"

60. Nun paciente con exaculación precoz, cal destas pautas individuais na abordaxe do seu problema sería correcta:

- A) Exercicios de Kegel.
- B) Exercicios de relaxación.
- C) Focalización sensorial cotiá.
- D) Todas as respostas son correctas.

61. Dos seguintes, que síntomas poden indicar a existencia dun problema no control de impulsos?

- A) Imposibilidade de controlar a conduta e repetición do patrón a pesar de non ter sentido ou ser prexudicial para o paciente ou o seu entorno.
- B) Sensación de placer ao sucumbir ao impulso.
- C) Ausencia de remordemento en relación á conduta, aínda que sexa prexudicial.
- D) Todas son correctas.

62. Vostede imparte un taller sobre alimentación e nutrición co o obxectivo de modificar condutas insanas. En que tipo de prevención se incluíría?

- A) Secundaria.
- B) Terciaria.
- C) Primaria.
- D) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

63. Sinal cal das seguintes NON é unha intervención de apoio psicolóxico a un enfermo en situación terminal:

- A) Explorar a situación presente sin ter en conta situacións anteriores que poidan estar influindo.
- B) Potenciar a expresión de emocións sobre a enfermidade.
- C) Clarificar e dar forma a sentimentos, condutas e defensas.
- D) Potenciar afrontamentos anteriormente efectivos.

64. Antonio, 38 anos, presenta unha intoxicación aguda por opiáceos, cal dos seguintes signos/síntomas non atopará na valoración?:

- A) Depresión respiratoria, somnolencia.
- B) Hipotensión, fala pastosa.
- C) Ansiedade, maior sensación de vixilancia e ideación paranoide.
- D) Miose, deterioración da atención ou da memoria.

65. Cando os problemas sociais actúan como factor limitante dos coidados do paciente que recibe atención domiciliaria, faise necesario:

- A) Fomentar a independencia da familia para resolver o problema.
- B) Activar unha intervención coordinada sociosanitaria.
- C) Establecer contacto coa comunidade para informar da situación.
- D) Informar sobre as residencias xeriátricas da zona.

66. Un paciente de 25 anos de idade comeza un tratamento con neurolépticos na súa unidade de hospitalización. Ás poucas horas debuta un cadro caracterizado por febre, rixidez muscular, tremores, estupor... Que problema pode presentarse?

- A) Parkinsonismo.
- B) Extrapiramidais.
- C) Catatonía.
- D) Síndrome neuroléptica maligna.

67. Se vostede está planificando os coidados dun paciente que presenta un cadro de Delirium, que diagnóstico de enfermería será o prioritario?

- A) Distraibilidade.
- B) Alteración dos procesos do pensamento.
- C) Confusión aguda.
- D) Ansiedade.

68. Na avaliación do risco suicida de un paciente, deberase considerar principalmente:

- A) Presenza de intentos de suicidio previo.
- B) Idade.
- C) Situación económica.
- D) Illamento social.

69. Na nosa consulta temos un neno con enurese, cal destas medidas non é correcta:

- A) Recomendar que o neno non inxira líquidos dunha a dúas horas antes de deitarse.
- B) Os pais procurarán levantar ao neno no medio da noite para que ouriñe.
- C) Procurar que o neno sexa responsable de ouriñar no retrete antes de deitarse.
- D) Ter en conta a autoestima do neno e potenciala.

70. Temos en consulta uns pais que nos solicitan información sobre a sexualidade do seu fillo de nove anos, cal destes serían comportamentos sexuais comúns nesta idade:

- A) Tratar de mirar a outras persoas cando están espidas.
- B) Ver material de contido sexual a través dos medios de comunicación.
- C) Empezar a sentir atracción sexual e interese cara a outros nenos ou nenas da súa idade.
- D) Todas as respostas son correctas.

71. Un dos principais diagnósticos NANDA que debe terse en conta nun programa de rehabilitación psicosocial é:

- A) Risco de alteración do desenvolvemento.
- B) Afrontamento individual: ineficaz.
- C) Descoido persoal.
- D) Incumprimento.

72. Queremos reducir unha conduta dun neno de once anos co método de extinción, cal destas afirmacións é incorrecta:

- A) A conduta para extinguir pode empeorar antes de mellorar.
- B) A extinción é máis rápida despois do reforzo continuo.
- C) A conduta extinguida pode reaparecer despois dalgún tempo.
- D) A extinción é similar ao castigo ou estímulo punitivo.

73. Para o diagnóstico NANDA: Risco de suicidio, cales serían as Intervencións enfermeiras (NIC) para a resolución do problema?

- A) Acordo co paciente.
- B) Axudar ao paciente a identificar persoas e recursos de apoio.
- C) Intervención en caso de crise.
- D) A e C son correctas.

74. A definición "sensación vaga e intranquilizadora de malestar ou temor provocada pola percepción dunha ameaza real ou imaxinada cara á propia existencia", a que diagnóstico enfermeiro NANDA corresponde?

- A) Ansiedade perante a morte.
- B) Dó.
- C) Risco de impotencia.
- D) Afrontamento ineficaz.

75. Que conduta resulta errónea realizar ao persoal de enfermeira despois dunha lesión accidental procedente dun paciente VIH+ ou con SIDA?

- A) Valoración clínica.
- B) Recoller sangue da enfermeira para coñecer en "tempo cero" a súa situación fronte ao VIH e seguidamente ás 3-6 semanas, 3-6 meses e 1 ano.
- C) Profilaxe sempre con zidovudina durante 10 días.
- D) Recoller sangue da "fonte" para reconfirmar a infección por VIH.

76. Como enfermeira está vostede impartindo un taller de educación no medio escolar. Que aspectos abordará na súa intervención?

- A) Hixiene.
- B) Prevención de accidentes.
- C) Prevención de drogodependencias.
- D) Todos son aspectos destes programas.

77. Temos en consulta un neno de nove anos e necesitamos coñecer o seu desenvolvemento cognitivo para realizar as nosas intervencións, a que etapa do desenvolvemento cognitivo pertence segundo Piaget?

- A) Etapa sensoriomotriz.
- B) Etapa preoperacional.
- C) Etapa de operacións concretas.
- D) Etapa de operacións formais.

78. Aos 3 días do ingreso, a valoración de enfermería é que o enfermo está menos ansioso, toma decisións razoables e participa no seu autocoidado. Isto corresponde no proceso de atención de enfermería a:

- A) Criterio de resultados.
- B) Razoamentos do enfermo.
- C) Diagnósticos de enfermería.
- D) Obxectivos enfermeiros.

79. A realidade é unha percepción subxectiva xa que é unha construción teórica fixada a través de convencións socioculturais. Por isto, cando unha enfermeira se relaciona con persoas doutras culturas, que aspectos debe ter en conta?

- A) Cando alguén pertence a unha cultura, defínese pola mesma e clasifícase dun xeito determinado.
- B) Unha mesma persoa non pode pertencer a varias culturas.
- C) Se as persoas comparten crenzas, actitudes e valores semellantes poden ser máis compatibles e atraerse.
- D) As respostas a) e c) son correctas.

80. Traballa como enfermeira dunha unidade de hospitalización e establece o diagnóstico "Confusión aguda" nun paciente ao seu cargo. Segundo a taxonomía NANDA, en que dominio se encadrará este problema?

- A) Autopercepción.
- B) Promoción da saúde.
- C) Percepción/cognición.
- D) Seguridade/protección.

81. Sinale cal dos seguintes parámetros non corresponde ao Patrón Rol-Relacións:

- A) Nivel de independencia.
- B) Reacción da familia.
- C) Estado de tensión-ansiedade.
- D) Relacións sociais.

82. "A experiencia de dor en pacientes hospitalizados con enfermidade intestinal inflamatoria: un estudo fenomenolóxico" (Bernhofer et al, 2015). É un exemplo de:

- A) Investigación cuantitativa.
- B) Investigación cualitativa.
- C) Investigación básica.
- D) Investigación aplicada.

83. Ao valorar a un paciente observamos que mostra un patrón dominante de inhibición social, sentimentos de incompetencia e hipersensibilidade á avaliación negativa. Ante que tipo de trastorno nos atopamos?:

- A) Trastorno da personalidade esquizotípica.
- B) Trastorno da personalidade obsesivo-compulsiva.
- C) Trastorno da personalidade evasiva.
- D) Trastorno da personalidade dependente.

84. Unha paciente está chorando en silencio na súa habitación. Cando o profesional de enfermaría lle pregunta que pasa, non responde. A mellor resposta por parte do profesional de enfermaría nesta situación sería:

- A) "Xa vexo que non ten ganas de compañía agora. Volverei máis tarde".
- B) "Vexo que está disgustada por algo. Gustaríame axudala, pero non podo facer nada vostede se non fala comigo. Cando estea lista, chámeme e volverei".
- C) "Vexo que está triste. Xa sabe que sempre que chove, despois escampa, as cousas mellorarán, non se preocupe".
- D) Vexo que está vostede triste. Vou sentar aquí xunto á súa cama tan só para estar con vostede. Se lle apetece falar, está ben, senón tamén está ben. Simplemente quero que saiba que me importa o que lle ocorre".

85. A enfermeira que lle pregunta ao paciente: "parécelle que dorme suficiente ou necesita durmir máis?", que cree vostede que está valorando en relación ao Patrón sono-descanso?

- A) A calidade do sono.
- B) As horas de sono.
- C) Se ten insomnio.
- D) A percepción persoal do Patrón.

86. O diagnóstico enfermeiro: "Deterioro da resiliencia persoal", relaciónase con:

- A) Dominio 7: rol/relacións.
- B) Dominio 9: afrontamento/tolerancia ao estrés.
- C) Dominio 6: autopercepción.
- D) Dominio 5: percepción/cognición.

87. Na interacción cunha persoa que suxire trastorno bulímico, cal das seguintes preguntas sería máis adecuada para a obtención de información relevante?

- A) Come só cando ten fame?
- B) Dinlle outras persoas que está demasiado gordo/a?
- C) Cre que ten un problema para controlar o seu peso?
- D) Consume medicamentos para adelgazar, diuréticos, laxantes ou utiliza purgas para baixar de peso?

88. Atendendo na consulta a un paciente en tratamento con litio, explicámoslle cales son algunhas das interaccións medicamentosas deste fármaco, indique a resposta incorrecta:

- A) Os diuréticos tiazidicos aumentan as concentracións de litio.
- B) A cafeína diminúe as concentracións de litio.
- C) Os AINES diminúen as concentracións de litio.
- D) Os corticoides aumentan as concentracións de litio.

89. Unha paciente padece un trastorno depresivo maior, a principal causa que pode motivar o déficit de autocuidados sería:

- A) É debido a un efecto secundario da medicación.
- B) O motivo principal é o illamento social.
- C) A inhibición psicomotriz.
- D) Unha alteración na comunicación.

90. Un paciente afectado por unha dependencia ao alcol. O antabus e a cianamida cálcica estarían indicados:

- A) Na intoxicación aguda.
- B) No Delirium Tremens.
- C) Para a síndrome de abstinencia.
- D) Na prevención de recaídas.

91. Vostede establece o diagnóstico de "Illamento social" nun paciente de 85 anos. Que intervencións principais consideraría aplicar?

- A) Fomentar a implicación familiar.
- B) Modificación da conducta: habilidades sociais.
- C) Técnicas de relaxación.
- D) A e B son correctas.

92. Son áreas clave de valoración nun paciente terminal e da familia:

- A) Obxectivos e expectativas do paciente e familia.
- B) Coñecemento por parte do paciente e familia del diagnóstico terminal.
- C) Percepción do paciente de asuntos pendentes que han de finalizarse.
- D) Todas son correctas.

93. Francisco, 24 anos, ingresa en hospitalización psiquiátrica e presenta unha síndrome de abstinencia aguda por consumo de heroína. En relación aos síntomas que pode presentar, sinala a resposta incorrecta:

- A) Rinorrea ou lagrimeo.
- B) Bocexos e sudación.
- C) Miose e diminución da presión sistólica.
- D) Náuseas ou vómitos.

94. Atendemos a un paciente varón adulto de oitenta kg de peso con obstrución completa da vía aérea, sinala a afirmación correcta:

- A) Se a tose vólvese inefectiva dea ata cinco golpes nas costas.
- B) Se os golpes nas costas non son efectivos dea ata cinco compresións abdominais.
- C) Se a vítima perde a conciencia comece RCP.
- D) Todas as respostas son correctas.

95. Coidados de enfermaría PRE-TEC, na unidade de hospitalización. Sinala a resposta correcta:

- A) Garantir o xaxún (6 horas para sólidos e 2 horas para líquidos claros).
- B) Control e rexistro de constantes vitais (tensión arterial e frecuencia cardíaca).
- C) En pacientes con diabete, realizar control de glucemia.
- D) Todas son correctas.

96. Con que método cualitativo pode o persoal de enfermería avaliar a adhesión terapéutica?

- A) O autoinforme do paciente.
- B) A entrevista multidisciplinar semiestructurada.
- C) O rastrexo directo.
- D) As determinacións bioquímicas.

97. Na recolección de información para a valoración dun paciente con problemas de saúde mental, as fontes primarias refírense a:

- A) O propio paciente.
- B) Documentos escritos.
- C) A familia.
- D) Todas as anteriores.

98. Cal dos diagnósticos de enfermería NANDA non están relacionados con VIH-SIDA?

- A) Afrontamento ineficaz en relación coa alteración do aspecto físico secundario ao VIH-SIDA.
- B) Desesperanza en relación coa deterioración do estado físico secundario ao VIH-SIDA.
- C) Sufrimento espiritual.
- D) Trastornos afectivos en relación con alteracións orgánicas.

99. Na práctica de enfermería, considérase "agravio":

- A) Á falta de aplicación ou coidado por descoido ou omisión.
- B) Desacreditar a alguén por medio de manifestacións públicas para facerlle perder a súa reputación.
- C) A calquera circunstancia, dito ou feito que prexudique a unha persoa nos seus intereses, dereitos ou reputación con respecto a terceiros.
- D) A un atentado intencionado no que se pon en perigo a integridade física da persoa sen o seu consentimento.

100. Sería unha expresión axeitada da enfermeira ante un paciente que se amosa hostil:

- A) "Non se está comportando como unha persoa madura"
- B) "Non lle permito que me falte ao respecto"
- C) "Trate de tranquilizarse, pois así non conseguiremos entendernos"
- D) "Entendo que lle resulte difícil estar aquí, parece que alguén lle defraudou"

101. Cando axuda a unha paciente con ansiedade a adoptar estratexias de afrontamento eficaces, unha abordaxe eficaz do profesional de enfermaría sería:

- A) Ensinar á paciente técnicas de relaxación e/ou respiración profunda.
- B) Deixar soa á paciente para que desenvolva o seu propio plan.
- C) Ofrecer material de lectura sobre técnicas de afrontamento.
- D) Dicar á paciente o que o profesional faría nunha situación similar.

102. No seu labor asistencial nunha unidade de hospitalización está a tomar constantes aos enfermos ingresados. Cal sería a medida máis eficaz para previr infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria?

- A) Emprego de Clorhexidina alcohólica ao 2%.
- B) Antibiopprofilaxes.
- C) Uso de luvas.
- D) Hixiene de mans.

103. Planificando os coidados dunha persoa afectada por unha depresión, debe ter en conta que o peor momento para realizar as actividades sería:

- A) A tarde.
- B) A noite.
- C) A mañá.
- D) Non presenta alteracións circadianas chamativas.

104. Acode ao domicilio de Manuel, un home de corenta anos diagnosticado de esquizofrenia e que presenta condutas agresivas, cal destas non é unha directriz de seguridade?:

- A) Colocarse no lado non dominante.
- B) Asegurarse que hai unha vía de saída accesible.
- C) Colocarse preto do paciente.
- D) Manter ao paciente dentro do campo visual.

105. Segundo a etnofarmacoloxía, a biotransformación ou o metabolismo dos fármacos psicoactivos depende de factores biolóxicos, culturais e ambientais. Cal destas afirmacións non é certa?

- A) Os pacientes asiáticos necesitarán doses menores de benzodiazepinas.
- B) Os pacientes hispanos responden mellor aos antidepressivos.
- C) Os pacientes de orixe asiática e africana precisan doses máis altas de litio.
- D) O 30% dos pacientes de orixe asiática e de raza negra son malos metabolizadores.

Preguntas de reserva

106. Atendendo na consulta a un paciente en tratamento con clozapina, explicámoslle cales son algunhas das interaccións deste fármaco, indique a resposta correcta:

- A) A cafeína aumenta os efectos do antipsicótico.
- B) A cafeína diminúe os efectos do antipsicótico.
- C) O tabaco aumenta os efectos do antipsicótico.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

107. Queremos conseguir mediante reforzo positivo que un comportamento suceda máis a miúdo, cal destas pautas non sería adecuada?:

- A) Utilizar un reforzador que sexa eficaz para o individuo.
- B) Utilizar o menor número de reforzadores posibles.
- C) Explicar o procedemento antes de comezar.
- D) Reforzar inmediatamente despois de que se dea a conduta desexada.

108. Os ETAC son equipos que utilizan estratexias biopsicosociales integradas para mellorar a adaptación e o funcionamento de pacientes con trastorno mental grave, nos que fracasaron outro tipo de intervencións. Pretenden evitar recaídas e maximizar o funcionamento sociolaboral. Cal non é característica deste modelo?

- A) Equipo multidisciplinar, con responsabilidade dos casos compartida por todos os profesionais.
- B) Baixo ratio paciente/staff (25:1).
- C) Prestación de servizos no ambiente natural do paciente.
- D) Cobertura permanente, apoio e servizos ilimitados no tempo.

109. Na interacción cunha persoa que acaba de ingresar na súa unidade vostede detecta ausencia de conciencia de enfermidade. En que patrón funcional de Gordon recollerá esta valoración?

- A) Patrón 6: cognitivo e perceptivo.
- B) Patrón 7: autopercepción e autoconceito.
- C) Patrón 11: valores e crenzas.
- D) Patrón 1. Percepción e mantemento de saúde.

110. Cal é a medida principal para realizar unha valoración das necesidades sanitarias existentes?:

- A) Prevalencia.
- B) Incidencia.
- C) Risco relativo.
- D) Odds ratio.